

DISPOSICIÓN COMÚNS AO SOLO RÚSTICO:

O artigo 31 establece as facultades e deberes dos propietarios en solo rústico:

- 1- Os propietarios en solo rústico terán dereito a usar, disfrutar e dispoñer deles de conformidade coa natureza e destino rústico daqueles. Podendo levar a cabo:
 - a) Aproveitamentos agropecuarios, pastoreo, cavadura, desecación e valados con elementos naturais ou de sebes.
 - b) Aproveitamentos sobre as masas arbóreas, de leña, madeireiro, entresacas, mellora da masa forestal, repoboacións e tratamento fitosanitario.

Ademais poderán levarse a cabo as actuacións complementarias e imprescindibles para o aproveitamento madeireiro, tales como a apertura de vías de saca temporais, os cargadoiros temporais de madeira e o estacionamento temporal de maquinaria forestal, sempre que os propietarios se comprometan a repoñer os terreos ao seu estado anterior no prazo que se determine. Para estes efectos, o concello poderá esixir a prestación de garantías necesarias.

- c) Outras accións previstas na lei.

2- Deberán destinalos:

- a) Fins agrícolas, forestais, gandeiros, cinexéticos, ambientais e outros usos vinculados á utilización racional dos recursos naturais dentro dos límites legais, do planeamento urbanístico e dos instrumentos de ordenación do territorio.
- b) Solicitar autorización á Comunidade Autónoma para o exercicio das actividades autorizables nos casos previstos na lei
- c) Solicitar a oportuna licenza municipal
- d) Realizar ou permitir realizar á Administración competente os traballos de defensa do solo e a vexetación necesarios para a súa conservación e para evitar riscos ou a simple perturbación do medio ambiente; así como a seguridade e saúde pública.
- e) Cumprir as obrigas e condicións sinaladas na lei; así como as maiores restricións que impoña o planeamento urbanístico e a autorización autonómica.

En relación coas categorías de esta clase de solo, a lei as contempla no artigo 32:

- a) **Solo rústico de protección ordinaria** constituído polos terreos que o planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación do territorio consideren inadecuados para o seu desenvolvemento urbanísticos, por razón das súas características xeotécnicas ou morfolóxicas, polo alto impacto territorial que implicaría a súa urbanización ou polos ricos naturais

ou tecnolóxicos ou en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sostible.

- b) **Solo rústico especialmente protexido**, constituído polos terreos que polos seus valores agrícolas, gandeiros, forestais, ambientais, científicos, naturais, paisaxísticos, culturais, suxeitos a limitacións ou servidumes para a protección do dominio público ou doutra índoles deban estar sometidos a algún réxime especial de protección incompatible coa súa transformación, de acordo co disposto neste apartado.

Dentro de esta categoría distingue:

- a) Solo rústico de protección agropecuaria (Ver art. 32.1 a) modificado)
- b) Solo rústico de protección forestal (Ver art. 32.1.b) modificado)
- c) Solo rústico de protección das infraestructuras
- d) Solo rústico de protección das augas (Ver art. 32.1,d) modificado)
- e) Solo rústico de protección das costas
- f) Solo rústico de protección de espazos naturais
- g) Solo rústico de protección de interese paisaxístico (Ver art- 32. 1,g) modificado)
- h) Solo rústico de protección de zonas con interese patrimonial, artístico, ou histórico.